

## ANAQUIÑOS DE LIBERDADE

Begoña tece o seu desexo de Liberdade. Faino moi amodiño, como se fose un segredo pequeno. No colexio hai uns nenos que se meten con ela. Ás veces rin, ás veces mírana raro.

Begoña non sabe por que, pero iso dálle medo e fai que lle doa a barriga. Cando chega a casa, senta no chan e imaxina un tear máxico. Alí tece con fíos de cores: azul, verde e amarelo. Nese lugar non hai nenos malos, nin risas feas, só silencio e cousas bonitas. Un día pensou en marchar moi lonxe, a un sitio onde ninguén a coñecese.

Pero o fío azul quedou enganchado no seu dedo, como se non a deixase escapar. Begoña mirouno e pensou: "e se non teño que marchar?". Ao día seguinte, no colexio, os nenos estaban alí. Todo era igual. Pero Begoña non baixou a cabeza. Sentía como se tivese o fío azul con ela.

E alí, pouco a pouco, empezou a tecer algo novo: un anaquiño pequeno de valentía que medraba dentro dela.

Nome: Mara Cartelle Calvo - 6º A Primaria